



MODELO SILVÍCOLA	PR2
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pinus radiata D. Don.</i> , aplicable a formacións mixtas con <i>P. pinaster</i> e frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Madeira de serra e chapa. 250-300 pés/ha de calidade en corta final.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	3,5 m (entre liñas como mínimo) x 3,5 m, 4 m x 3 m, 4 x 3,5 ou 4 m x 2,5 m; 714 - 1.000 plantas/ha. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012. Recomendable a reforestación tralaas cortas finais con planta mellorada de categoría cualificada ou controlada. Posible emprego de materiais resistentes a nematodo.
Mantementos	Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Mantemento mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Aboado de implantación necesario (N,P,K), baixo en nitróxeno, granulado soluble ou de liberación gradual; aplicación conforme ao tipo de abono empregado. Control integrado de fungos foliares e tratamentos con funxicida cando a incidencia da enfermidade o xustifique, entre os 5 e os 10 anos. Fertilización con cinzas de biomasa e superfosfatos ou roca fosfórica moída ao ano 5.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	Baixa ata 2,5-3 m cando o diámetro normal (dn) acade 10 cm, tras a primeira rarea se esta existe. Posibilidade de realizar un realce previo a 1 m nos primeiros 5 anos. Poda alta ata 5,5-6 m cando os pés acadan unha altura total de 12-15 m, dn de 18 cm, tras a primeira rarea. Con ferramentas montadas sobre pértega, posible accionamento pneumático. Só se fará sobre os pés que se deixen para a corta final (250 a 300 pés/ha). Repasso se procede de brotes epicórmicos tras poda.
Desmestas	No caso de plantacións non será en xeral necesario aplicar unha desmesta se a densidade de plantación é inferior a 1.200 pés/ha. En caso contrario, realizar desmesta aos 7-8 anos, deixando 600-900 pés/ha. Tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, esparecido ou retirada para aproveitamento, segundo lexislación vixente, no 50% das entrelíñas.
Rareas	Primeira rarea entre os 10-15 anos, peso do 30 ao 50% dos pés, deixando 500-600 pés/ha, atendendo a riscos de derruba por vento, con posibilidade de execución semisistemática. En rodais plantados a baixa densidade pode ser a única rarea, quedando unha densidade final no entorno de 350 pés/ha. Segunda rarea opcional entre os 15-25 anos, extraendo o 30-35%





	<p>dos pés restantes, deixando 250-300 pés/ha. Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas nas rareas. En masas mixtas con piñeiro do país, seleccionar como individuos a extraer aqueles con menor adaptación á estación.</p>
--	---

<b>CORTA FINAL DE REXENERACIÓN</b>	
Idade de corta	30-35 anos (menor quenda en melhores calidades de estación). Posibilidade de anticipar a quenda en caso de problemas sanitarios, de estabilidade ou de desenvolvimento do rodal.
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai, preseleccionados pola súa estabilidade). Madeira obtida empregable na súa maior parte a serra e chapa. Tratamento de restos de acordo coa normativa vixente.

